

## DÚBIDAS MÁIS FRECUENTES

### Podo ir co meu avogado?

As partes deben acudir persoalmente. Os avogados acompañaranos á primeira sesión informativa e encargaranse de incorporar o acordo final de mediación ao convenio regulador.

### É obrigatorio acudir á mediación?

Non é obrigatorio, a mediación é unha vía voluntaria de solucionar conflitos. Unha vez iniciada, tampouco é preciso seguir nela nin alcanzar acordos.

### Que pasa co procedemento xudicial?

Se se alcanzan acordos, previo o seu control xurídico polos avogados das partes, poderán levarse ao procedemento para ser homologados ou aprobados xudicialmente.

### Que ocorre se non hai acordo?

O procedemento xudicial continúa. Aínda que non se alcance acordo, as partes adoitan saír satisfeitas da súa participación na mediación.

### Que validez ten o acordo no seu caso?

O acordo, ratificado polas partes, apróbase xudicialmente en sentenza. Se unha parte incumpre, a outra pode acudir á vía xudicial para solicitar o seu cumprimento.



Colexio de  
Avogados  
de Vigo



Colexio de  
Avogados  
de Vigo

## MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR



Colexio Oficial  
de Psicoloxía de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

[mediacionfamiliar@icavigo.org](mailto:mediacionfamiliar@icavigo.org)

Edificio Praza de América n.º 2-1º  
(36211-Vigo)



Servizo de mediación  
Colexio de Avogados  
de Vigo

## QUE É A MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR?

### QUE É A MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR?

É un servizo ofrecido polos xulgados de Vigo, nos procedementos xudiciais de familia, dirixido a facilitar ou axudar ás partes do proceso a alcanzar acordos axustados ás súas necesidades, ás da familia en xeral ou ás dos seus fillos e fillas, remitíndoas para iso a un **equipo de mediación imparcial**.

### PARA QUE SERVE?

Para axudar a **diminuír conflitos e tensións** que se producen no ámbito da familiar, en especial en procedementos de separación e divorcio, que impiden a nais e pais tomar decisións de forma responsable en beneficio das súas fillas e fillos.

Para facilitar a tramitación dos procesos de familia **pola vía consensual (de mutuo acordo)**, en especial os de separación, divorcio, parellas de feito e relativos a menores.

### QUE VANTAXES TEN?

- Promove a comunicación, a confianza e o respecto entre as partes.
- Diminúe a ansiedade e o estrés que xera un conflito.
- Evita as discusións e conflitos na familia e, en especial, entre a parella.
- Axilízase o procedemento xudicial.
- Xera maior satisfacción pola participación activa das partes na resolución do conflito.

#### En especial, para os menores:

- Presencian menos conflitos.
- Evítaselles sufrimento emocional, inseguridades e sentimentos de culpa.
- Non teñen que decidir a favor de ningunha das partes.
- Axuda a garantir o dereito e a necesidade dos menores a estar e a relacionarse cos seus proxenitores.

### QUEN REALIZA A MEDIACIÓN?

Un equipo formado por un avogado/a e un psicólogo/a, con acreditada formación específica en mediación, que actúan con total imparcialidade ao longo do proceso de mediación.

### ONDE?

As sesións de mediación levaranse a cabo no Ilustre Colexio de Avogados de Vigo, sito no Edificio Praza de América, n.º 2- 1º, de Vigo (CP 36211).

### COMO FUNCIONA A MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL FAMILIAR?

As partes, iniciado un procedemento xudicial familiar, poderán ser derivadas ao servizo de mediación intraxudicial familiar, por iniciativa do xuíz/a ou do fiscal, ou por solicitude das partes.

Non será precisa a suspensión do proceso xudicial, agás que o soliciten as partes.

### REQUISITOS

- Aceptación do procedemento de mediación por ambas as partes.
- As partes deberán aceptar os principios do proceso de mediación relativos á confidencialidade da información, a cooperación e o respecto mutuo.
- Se a mediación finaliza cun acordo, este incorporarase ao convenio regulador para a súa homologación xudicial.